

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa M. Caeiro, S.A., en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2021.

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra dona _____, conselleira delegada da empresa M. Caeiro, S.A. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou coas empresas Arenal Perfumerías, S.L.U., Euro Depot España, S.A.U., Feu Vert Ibérica, S.A.U., Grm 2008 S.L., JD Spain Sports Fashion 2010, S.L., e Sprinter Megacentros del Deporte, S.L. un convenio para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas nos centros educativos CIFP As Mercedes, CIFP Portovello, CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, IES A Guía, IES A Pontepedriña e IES Ramón Menéndez Pidal, para o ciclo formativo de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da empresa M. Caeiro, S.A., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas M. Caeiro, S.A aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado previamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Arenal Perfumerías, S.L.U., Euro Depot España, S.A.U., Feu Vert Ibérica, S.A.U., Grm 2008 S.L., JD Spain Sports Fashion 2010, S.L., e Sprinter Megacentros del Deporte, S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas M. Caeiro, S.A., comprométense a acoller nas súas instalacións a 1 alumnos e alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Arenal Perfumerías, S.L.U., Euro Depot España, S.A.U., Feu Vert Ibérica, S.A.U., Grm 2008 S.L., JD Spain Sports Fashion 2010, S.L., e Sprinter Megacentros del Deporte, S.L., cun representante para a empresa asinante.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

1. ANEXO

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa M. Caeiro, S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Código: C2021002305

1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Centro educativo	Empresa	Nº de prazas
IES A Pontepedriña	M. Caeiro, S.A.	1
Total		1